Á vista do sinalado pola Intervención municipal verbo de que o propietario actual da edificación a demoler é insolvente, e de que a posibilidade de asumir o custo da obra a realizar por execución subsidiaria se converta nun gasto a asumir na súa totalidade polo Concello, analizarase a posibilidade de repercutir nun eventual novo propietario os gastos da execución subsidiaria .

A obriga de demolición é unha obriga “propter rem”, polo que en virtude do principio de subrogación real en materia urbanística, en caso de transmisión da propiedade, a dita obriga se transmite ao novo propietario.

Así, o artigo 27.1 do Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana dispón que:

“ 1. La transmisión de fincas no modifica la situación del titular respecto de los deberes del propietario conforme a esta ley y los establecidos por la legislación de la ordenación territorial y urbanística aplicable o exigibles por los actos de ejecución de la misma. El nuevo titular queda subrogado en los derechos y deberes del anterior propietario, así como en las obligaciones por éste asumidas frente a la Administración competente y que hayan sido objeto de inscripción registral, siempre que tales obligaciones se refieran a un posible efecto de mutación jurídico-real.”

Mantén, pola súa parte, a Sentencia do Tribunal Supremo de 31 de maio de 2005 que:

“Esta Sala del Tribunal Supremo ha declarado, entre otras, en sus Sentencias de 2 de noviembre de 1993 (recurso de apelación 9855/1990), 18 de enero de 1996(recurso de apelación 5782/1991), 29 de enero de 1996 (recurso de apelación 8336/1991) y 7 de julio de 2000(recurso de casación 2769/1995), que en los supuestos de enajenación de fincas , el adquirente quedará subrogado en el lugar y puesto del anterior propietario en los compromisos que hubiese contraído con las Corporaciones Públicas respecto de la urbanización y edificación, de acuerdo con el principio, sancionado legalmente, de subrogación real, que congela el régimen urbanístico de la propiedad inmobiliaria, con independencia de quien sea su titular propietario, evitando , de esta forma, que el simple cambio en la titularidad dominical de una finca pueda alterar tanto las limitaciones y deberes legales como los compromisos contraídos con la Administración urbanística, pues las normas urbanísticas y, por tanto, los planes de esta naturaleza, son derecho necesario, que no puede ser desconocido por los particulares adquirentes de fincas sobre las que pesan determinadas limitaciones o deberes, aunque, para proteger el tráfico jurídico, el transmitente venga obligado a hacer constar expresamente en el título de enajenación las limitaciones y demás circunstancias urbanísticas , entre las que se encuentran los compromisos que el propietario hubiese asumido en orden a la urbanización, autorizando, de lo contrario, al adquirente para resolver el contrato o ejercitar frente a aquél las acciones de que se crea asistido ante la jurisdicción civil”.

Sen embargo, cando o deber urbanístico se incumpriu e se produce a execución subsidiaria das obras nace unha obriga diferente, de carácter pecuniario, como é a obriga de pago dos custos que dita actuación xenerou á Administración . Segundo ven declarando a xurisprudencia esta obriga non se transmite, ao ser o suxeito pasivo do pago da débeda exclusivamente o obrigado á mesma, isto é, aquel que incumpriu o deber urbanístico.

Neste sentido, o Tribunal Supremo na súa sentenza de 2 de marzo de 1992 sinala que as débedas derivadas da execución subsidiaria son débedas persoais dos vendedores, aínda que estas traian causa da propiedade, en tanto non se trata de cargas reais ou propter rem.

E a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco de 19 de febreiro de 1998 establece que a data determinante do nacemento da obriga do propietario de facerse cargo dos gastos derivados da execución subsidiaria é aquela na que se acorda a execución.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña de 28 de xuño de 2016 estima un recurso formulado pola apelada, no que esta manifestaba que non se lle podía esixir os gastos derivados da execución subsidiaria, en tanto que obedecían á execución forzosa de órdenes de execución dirixidas ao anterior titular dominical da finca, como consecuencia do incumprimento de deberes urbanísticos.

O Tribunal Superior de Xustiza de Madrid resolveu en diversas sentencias no mesmo sentido, especificando que se debe distinguir entre as seguintes obrigas:

- a) Entre a obriga de mantemento, conservación ou rehabilitación, que é unha obriga real que se transmite co inmovible e que debe cumprirse por quen sexa propietario no momento no que se requira pola Administración.*
- b) Os gastos en que incurre a Administración como consecuencia dunha execución substitutoria que é unha obriga persoal que non se transmite co inmovible e que debe cumprirse por quen sexa propietario na data na que se dita a resolución na que se ordea a realización das obras de execución substitutoria.*

Así, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de data 4 de abril de 2006 sinala que:

“(...../.....) Dicha obligación y por consiguiente, el requerimiento de pago, debe ser dirigido al propietario a quien se le notificó tanto la orden de realizar obras como el acuerdo de ejecución subsidiaria derivado del incumplimiento de aquella; es decir al propietario del inmueble en 1994, que siguió siéndolo durante la realización de las obras, pero no a un tercero adquirente, tal y como solicita la apelante, a quien no se dirigió orden alguna que, por tanto, no pudo incumplir, siendo extensible en su caso.(...../.....)”

E as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 11 de outubro de 2012 e 19 de abril de 2012 establecen que:

“(...../.....) Dicha cuestión ya ha sido resuelta en varias sentencias de esta Sección 2ª como la dictada el 16 de mayo de 2002, núm. 561/02, núm. Recurso: 1330/1997 que determina que “es evidente , por tanto, que la orden de ejecución de obras dada al anterior propietario no podía obligar a la recurrente por no estar en aquel tiempo relacionada con la propiedad de la finca. La obligación pecuniaria derivada de la ejecución subsidiaria de las obras no constituye una obligación propter rem transmisible al posterior adquirente de la finca, y tanto el artículo 98 de la LRJPAC como el artículo 301.2 del TRLS./1992 permiten sostener, por el contrario, su naturaleza personal, porque, aunque vinculada a la propiedad de un inmueble, tal obligación deriva directamente de una conducta omisiva consistentes en el incumplimiento de un mandato de ejecución de obras debiendo exigirse su pago a la persona por cuenta de quien se ejecutaron las mismas subsidiariamente y a su costa, y no al adquirente posterior que en su momento no pudo verificar el objeto de la obra ni el coste y validez de las obras ejecutadas por la Administración que habrá de dirigirse contra el anterior propietario para cobrar su crédito, ya que la enajenación ulterior de la finca no ha comportado la extinción de la obligación de éste ni su transmisión al adquirente posterior, y ello con independencia de los pactos meramente civiles entre ambos en orden al pago de cantidades pendientes de abonar que, en su caso, podrían fundamentar una acción de repetición.”

Tendo en conta o exposto , se ben é certo , como se informa pola área de urbanismo do Concello, que as medidas de restauración da legalidade urbanística son de exercicio inexcusable e que de acordo co disposto na normativa vixente , en ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á

producción da situación ilegal , considerando as circunstancias que concurren no suposto examinado, especificamente:

- *Que segundo se indica no informe do sr. Interventor a empresa á que se xirou a liquidación provisional da execución subsidiaria consta calificada no sistema de servizos tributarios SIXT da Deputación como insolvente.*
- *Que no xulgado de primeira instancia número 5 de Ferrol se sustancia procedemento de execución de títulos xudiciais 128/2012 (procedemento de orixe: EJM execución hipotecaria 128/2012) sendo a demandante CAIXABANK.*
- *Que segundo informe do técnico de Administración xeral co conforme do xefe da área de urbanismo e réxime interior de 14 de xullo de 2022 (CVD: DXUGgbcvVZkzlhZxEJPb)a orde de demolición non prescribe ata o 23 de agosto de 2023, , e que no caso de producirse a prescripción da orde de demolición poderíase iniciar un novo procedemento para a reposición da legalidade ao non ter caducado a correspondente acción.*

a xuízo desta Secretaría, en virtude do principio de prudencia procedería demorar a execución subsidiaria(sempre tendo en conta e dentro do prazo de caducidade da acción) ata tanto non resolva o xulgado e se adxudique a propiedade , e elo en aras a evitar que o custo das obras de demolición (que ascende a 91.202,01 euros, IVE engadido) se executen con cargo ás arcas municipais.

Polo exposto, e á vista de que en data 26 de xuño de 2022 por esta Secretaría se prestou conformidade ao informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral relativo á adxudicación da obra(CVD:XyyliLoyOg6CH2vkhq+g), e se ben o expediente de contratación, a xuízo da que subscribe, tramitouse de acordo co disposto na normativa de aplicación, polo presente se deixa sen efecto a conformidade prestada á proposta de resolución formulada no dito informe.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito. Non obstante, a Corporación acordará o que estime pertinente.

(...)

Visto o informe emitido polo técnico de xestión de administración xeral, co visto e prace do xefe da área de urbanismo e réxime interior, de data 03.10.2022 (CVD: 1e2hflwa8b2OJYn4KyE5), que di:

“(...)

En relación co informe emitido pola Secretaria Municipal con data 12 de agosto de 2022 no expediente de contratación do “Proyecto básico y de ejecución de demolición del edificio sito en el lugar de Campóns. Castrobó”, emítase o seguinte

INFORME

Danse por reproducidos os argumentos expostos no anterior informe emitido por esta área con data 14 de xullo de 2022.

A día de hoxe o expediente 2018/I002/000012 está pendente da execución subsidiaria da orde de demolición acordada por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 20 de marzo de 2018 (confirmada por resolución da alcaldía do día 15 de maio de 2018), ao non ter sido realizada polo obrigado dentro do prazo concedido ao efecto.

Por iste motivo, con data do día 1 de outubro de 2018 o concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras dictou resolución pola que se ordena a reanudación dos trámites para a execución subsidiaria da antedita orde de demolición, acordando iniciar os trámites para a contratación das obras necesarias para levala a cabo.

Con data 12 de agosto de 2022 a Secretaria Municipal emitiu informe ao expediente de contratación do "Proyecto básico y de ejecución de demolición del edificio sito en el lugar de Campóns, Castrobó" no que deixa sen efecto a conformidade prestada á proposta de resolución formulada no informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral no referido expediente de contratación.

Unha vez realizado o antedito informe, deuse traslado do expediente á área de Urbanismo e Réxime Interior.

Non obstante, o citado expediente de contratación aínda non foi resolto, sen que entre tanto o expediente para a reposición da legalidade estea pendente de actuación algunha por parte desta área.

En vista do exposto, débese dar traslado do expediente á concellería de Contratación para que resolva o que estime oportuno.

(...)"

Visto o escrito de contestación da Secretaria Xeral a esta Concellería, de data 21.10.2022 (CVD: +k3N6oGbbEeGgRxmOjq4), que di:

"(...)

En contestación á súa providencia de data 11 de outubro de 2022 (CVD: pn9Lw6qWgPc8WVWwtP4p) , en relación ao expediente TEDEC 2022/C003/000001 participou o seguinte:

1.- O expediente citado delegouse a vostede na plataforma de xestión de expedientes TEDEC en cumprimento do disposto no artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, precepto que dispón que: "Conclusos los expedientes se entregarán en Secretaría quien, después de examinarlos, los someterá al presidente".

Polo tanto, ao atoparse o expediente concluso e ter vostede conferida a delegación xenérica da area de economía, facenda e recursos humanos remitiuse pola técnica de xestión de administración xeral adscrita a esta Secretaría aos efectos de que, ao existir diversos informes no expediente, indique a proposta que estime oportuno someter ao órgano resolutorio, a Xunta de Goberno Local.

2.- En canto á segunda das cuestións que formula, indicar que logo de emitirse no expediente TEDEC 2022/C003/000001 informe pola técnica de xestión de administración xeral en data 26 de xuño de 2022 (ao que a que subscribe prestou a súa conformidade), relativo á adxudicación do contrato, remitiuse o expediente á Intervención aos efectos da preceptiva fiscalización, emitindo o sr. Interventor en data 9 de xullo de 2022 informe desfavorable sen efectos suspensivos, indicando no apartado 5. CONCLUSIÓN "Sen efectos suspensivos. Sen efectos suspensivos aínda que coa recomendación que o departamento de tramitación do expediente enmende os reparos (ou inste a enmenda ao técnico) antes de sometelo a aprobación."

Á vista do sinalado pola intervención municipal, que fai referencia no dito informe a que "(.../....) esta Intervención advierte nuevamente de la posibilidad de que la presente obra, a realizar en Ejecución Subsidiaria, se convierta en un gasto presupuestario a asumir en su totalidad por este Ayuntamiento, si no puede derivarse el gasto al propietario de la edificación ilegal, Prape S.A., según se informó por el Área de Urbanismo el 30.08.2019.", e seguindo a recomendación sinalada no mesmo (enmendar os reparos (ou instar a enmenda ao técnico) antes de sometelo a aprobación) por esta Secretaría, como primeira medida solicitouse o 11 de xullo de 2022 informe da área de Urbanismo aos efectos de coñecer a data de prescripción da orde de demolición e da acción, informe que emitiu o Técnico de Administración xeral da area de urbanismo o 14 de xullo de 2022, no que, logo das consideracións que no ditto informe se conteñen, e polo que respecta ás cuestións formuladas por esta Secretaría informou que:

- A orde de demolición acordada no expediente 2018/I002/12 prescribe o día 27 de agosto de 2023.
- No caso de producirse a precipción da orde de demolición, poderíase iniciar un novo procedemento para a reposición da legalidade ao non ter caducado a correspondente acción

Á vista de que a orden de demolición non prescribía nun prazo perentorio, por esta Secretaría procedeuse a realizar un estudo dos expedientes relacionados co asunto (e que descoñecía no momento de prestar conformidade ao informe da técnica de xestión de administración xeral de data 26 de xuño de 2022 - seis días hábiles despois da data da toma de posesión da que subscribe do posto de Secretaria xeral deste Concello).

Logo de examinar os expedientes emitiuse en data 12 de agosto de 2022 informe de Secretaría (CVD:Y2IRVC/XNGfE11yM8aVJ) do que se deu traslado á area de urbanismo.

En data 26 de setembro de 2022, o Técnico de administración xeral da area de urbanismo co visto e prace do xefe da area de urbanismo e réxime interior emitiu informe (CVD:1e2hflwa8b2OJYn4KyE5) do que deu traslado a esta Secretaría no que, entre outras cousas, se sinala: "...Non obstante, o citado expediente de contratación aínda non foi resolto, sen que entre tanto o expediente para a reposición da legalidade estea pendiente de actuación algunha por parte desta area.

En vista do exposto, débese dar traslado do expediente á concellería de Contratación para que resolva o que estime oportuno".

Polo tanto o expediente non estivo paralizado, realizándose actuacións tendentes a tratar de enmendar-seguindo a recomendación do sr. Interventor municipal – os reparos formulados por este.

3.- Polo que respecta á terceira das cuestións formuladas, indicarlle que esta Secretaría comparte completamente a afirmación que fai o Técnico de Administración xeral adscrito á area de urbanismo, verbo de que "a execución forzosa da devandita resolución constitúe un imperativo legal para o Concello, sen que as dificultades que poidan existir para a recuperación do custo da execución subsidiaria da demolición ordenada constitúan unha causa que exima ao Concello o cumprimento da súa obriga" e elo por canto a execución das medidas de restauración da legalidade urbanística constitúe un imperativo legal de inexcusable exercicio, e aplicable a todas as infraccións urbanísticas sen excepción algunha, tal e como resulta do establecido nos artigos 152 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei que no seu artigo 375.3 dispón que: "En ningún caso podrá la Administración dejar de adoptar las medidas tendentes a restaurar el orden urbanístico vulnerado o a reponer los bienes afectados al estado anterior a la producción de la situación ilegal."

Polo tanto, ante calquera infracción urbanística debe a Administración adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada..

No suposto examinado, no informe emitido por esta Secretaría en data 12 de agosto de 2022 en modo algún se alude a eximir ao Concello do cumprimento da obriga de executar subsidiariamente a orde de demolición, pois tal e como se acaba de indicar a adopción de medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada son de imperativa adopción en todas as infraccións urbanísticas. O que se informa pola que subscribe no dito informe, atendidas as circunstancias que concorren no caso e que se dan por reproducidas en aras á brevidade, é da procedencia- e en virtude do principio de prudencia - de demorar a execución subsidiaria (agora ben sempre tendo en conta o prazo de caducidade da acción) ata tanto non resolve o xulgado e se adxudique a propiedade, e elo ao obxecto de evitar que o custo das obras de demolición se executen con cargo ás arcas municipais e non con cargo a quen resulte propietario.

Atendidas, pois, ás circunstancias do suposto examinado, e sobre todo, tendo en conta que nin o prazo de prescripción da orde de demolición nin o de caducidade da acción está superado, e que o criterio sostido pola que subscribe o que pretende é evitar unha merma ao patrimonio municipal, non se considera que demorar a execución subsidiaria ata que o xulgado resolva determine consecuencias para o Concello, sempre, claro está, sen superar o prazo de prescripción e de caducidade, pois debe procederse á execución subsidiaria antes de que venzan os ditos prazos aínda que o xulgado non resolverse.

Outra opción para poder repercutir o custo da execución subsidiaria en quen resulte propietario podería ser que polo departamento de urbanismo se analizase (caso do non telo feito) a posibilidade de aplicar a este suposto o disposto no artigo 15.4 (referido as ordes de execución) do Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana, de forma que, de ser posible a súa aplicación ao caso, se poidera inscribir no Rexistro da Propiedade, mediante nota marxinal a afección real directa e inmediata, por determinación legal, do inmovible ao cumprimento da obriga de execución da demolición, con referencia expresa ao seu carácter de garantía real e co mesmo réxime de preferencia e prioridade establecido para a afección real, ao pago de cargas de urbanización nas actuacións de transformación urbanística.

En todo caso deberase proceder á execución subsidiaria da orde de demolición antes do transcurso do prazo de prescripción e caducidade.

Non obstante, vd. acordará o que estime pertinente”.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, de data 23.12.2022 (CVD: DTonP6vNLx8nnSIKXiXH), que di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Comparte a que subscribe as consideracións feitas pola Secretaria xeral no informe de data 12 de agosto de 2022 que literalmente di:

“(…)”

Á vista do exposto no dito informe, comparte tamén a que subscribe o manifestado pola Secretaría xeral na contestación á Providencia da Concelleira delegada de economía, facenda e réxime interior de data 21 de outubro de 2022 (documento con código de verificación CVD: +k3N6oGbbEeGgRxmOjq4).

Polo tanto, en atención ás consideracións sinaladas, atendidas as circunstancias do suposto examinado, e sobre todo, tendo en conta que nin o prazo de prescripción da orde de demolición nin o de caducidade da acción está superado, e ao obxecto de evitar unha merma ao patrimonio municipal entende a que subscribe que procede, en virtude do principio de prudencia, demorar a execución subsidiaria (agora ben sempre tendo en conta o prazo de prescripción da orde e de caducidade da acción) ata tanto non resolva o xulgado e se adxudique a propiedade, e elo ao obxecto de evitar que o custo das obras de demolición se executen con cargo ás arcas municipais e non con cargo a quen resulte propietario.

Segundo.- O artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, preceptúa nos apartados 1 a 3 o seguinte:

”1. En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.

3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión”.

O precepto legal transcrito permite, pois, que durante a tramitación dun procedemento de contratación o órgano de contratación decida, por razóns de interese público, non adxudicar ou celebrar o contrato.

No suposto examinado, os motivos que se conteñen na consideración anterior poden fundamentar un acordo do órgano de contratación de non adxudicar o contrato.

CONCLUSIÓN:

- Á vista do exposto a funcionaria que subscribe deixa sen efecto a proposta de adxudicación do contrato de execución da obra de demolición formulada en informe de data 21 de xuño de 2022, polo que a proposta que se formula é, **previa a fiscalización pola Intervención municipal**, a seguinte:

Primeiro.- Non adxudicar o contrato polos motivos expostos no informe de Secretaría de data 12 de agosto de 2022 transcrito nos antecedentes.

Segundo.- Notificar este acordo aos licitadores.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A

teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugna directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

- En todo caso, reitérase o informado por Secretaría verbo da necesidade de proceder á execución subsidiaria da orde de demolición acordada, antes do transcurso do prazo de prescripción e de caducidade (previa tramitación de expediente de contratación das ditas obras).

- Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación infórmase que o expediente de contratación da obra tramitouse de acordo co disposto na normativa de contratación.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)."

Visto o escrito de consideracións emitido pola secretaria xeral con data do 23.12.2023 (CVD: YrFvt1AFcgq8D+YNf43R), que di:

"A funcionaria que subscribe, cumprimentando o solicitado polo sr. Alcalde por Providencia de data 8 de febreiro de 2023, na que solicita informe para poder dar resposta ás preguntas formuladas polo concelleiro delegado de urbanismo transcritas na mesma, fai as seguintes consideracións:

Primeira.- En relación ao asunto esa Secretaría ratifícase nos informes emitidos anteriormente e que constan no expediente : informe de data 12 de agosto de 2022 (CVD: Y2IRVC/XNGfE11yM8aVJ), escrito dirixido á concelleira delegada de economía, facenda e réxime interior de data 21 de outubro de 2022 (CVD: +k3N6oGbbEeGgRxmOjq4), e informe da técnica de xestión de Administración xeral , conformado por esta Secretaría, de data 23 de decembro de 2022 (CVD: DTonP6vNLx8nnSIKXixH), cuxas consideracións e conclusións danse por reproducidas en aras á brevidade .

Segunda.- En canto ao apartado a) das primeira das cuestións que se formulan no escrito do concelleiro delegado da area de urbanismo transcrito na Providencia da Alcaldía, cómpre sinalar o seguinte:

O criterio sostido por esta Secretaría nos informes citados non se basea na prevalencia dun principio sobre outros, senón na aplicación integradora e conxunta de todo o ordenamento xurídico.

O principio de legalidade, peza clave do Estado de dereito, supón que a Administración debe someter a súa actuación á Lei e ao Dereito, é dicir, a todo o ordenamento xurídico.

E dentro do ordenamento xurídico se atopan, como fonte do Dereito, os principios xerais de dereito.

García de Enterría explicou os principios vinculados a toda a técnica do dereito, Actúa sempre o dereito organizando a materia xurídica a través de institucións. Todo o dereito non é outra cousa que un complexo de institucións que se rexen por normas e principios., As normas conteñen as regras materiais que fixan a disciplina de cada institución. Os principios, pola súa banda, dan sentido unitario ás normas que seguen a cada institución, orientan a súa aplicación e axudan a atopar solucións acordes coa significación da institución cada vez que a norma resulte insuficiente ou presenta lagunas.

Resulta desta combinación de normas e principios que, ao aplicar o dereito débese estar atento tanto ás regras escritas como aos valores de xustiza material que inspiran o seu funcionamento. Tales principios son decantados polos operadores xurídicos que tamén trasladan, ao facelo, aos procesos de aplicación do dereito as conviccións máis asentadas e compartidas sobre a significación de cada institución.

Os principios xerais do dereito ocupan hoxe unha posición no ordenamento xurídico, e moitos deles desvinculáronse de institucións concretas a cuxa comprensión e funcionamento serviron para usarse de xeito transversal ou horizontal, ao servizo do ordenamento concreto. Contribúen a dar un sentido máis unitario a todo o ordenamento xurídico ao presentarse como criterios de orientación de todas as institucións que integran o sistema.

Elo é así porque a concentración do Dereito na Lei, coa total eliminación de calesquera outra fonte de creación de regras xurídicas, a Lei, aínda na hipótese dunha codificación ben sedimentada, sempre deixa espazos vacíos de normas e é incapaz de prever por adelantado todos os problemas que as súas propias regulacións plantearán no futuro.

Por esta razón se explica a utilización de principios non escritos, externos ás Leis, para complementar e integrar as súas determinacións.

O estado de dereito constitucional potencia a utilización dos principios xerais e lles da novas proxeccións. Sen prexuízo de mater a súa posición de regras que poden aplicarse en defecto de normas escritas, elévanse á condición de fonte obrigada de inspiración de todo o proceso creativo e aplicativo do dereito.

No suposto examinado, e como se indicou por esta Secretaría nos anteriores informes emitidos, se ben é certo que as medidas de restauración da legalidade urbanística son de exercicio inexcusable e que, de acordo coa normativa vixente, en ningún caso pode a Administración deixar de adoptar medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal, considerando as circunstancias que concorren no caso, a saber:

- que segundo se indica no informe do sr. interventor a empresa á que se xirou a liquidación provisional da execución subsidiaria consta calificada no sistema de servizos tributarios SIXT da Deputación como insolvente.*
- Que no xulgado de primeira instancia número 5 de Ferrol se sustancia procedemento de execución de títulos xudiciais 128/2012 (procedemento de orixe: EJM execución hipotecaria 128/2012) sendo a demandante CAIXABANK.*
- Que segundo informe do técnico de Administración xeral co conforme do xefe da área de urbanismo e réxime interior de 14 de xullo de 2022 (CVD:DXUGbcbvVZkzlhZxEJPb), a orde de demolición non prescribe ata o 27 de agosto de 2023, e que no caso de producirse a prescripción da orde de demolición poderíase iniciar un novo procedemento para a reposición da legalidade ao non ter caducado a correspondente acción,*

a xuízo desta Secretaría, tal e como se informou nos anteriores informes, en virtude do principio de prudencia, procedería demorar a execución subsidiaria, sempre tendo en conta e dentro do prazo de caducidade da acción, ata tanto non resolva o xulgado e se adxudique a propiedade, e elo en aras de evitar que o custo das obras de demolición (que ascende a 91.202, 01 euros, IVE engadido) se executen con cargo ás arcas municipais.

Aplicase ao caso o principio de prudencia ao obxecto de mitigar os riscos de non poder cobrar a débeda e ao obxecto de non ter que asumir con cargo ás arcas municipais- e polo tanto, da colectividade- uns gastos concretos que só corresponderían ao propietario do inmovible, máximo tendo en conta que existe a posibilidade de que o xulgado adxudique a propiedade a unha entidade bancaria, quen de executarse a orde de demolición con anterioridade á resolución xudicial, adquiriría o ben sen a carga de ter que demolelo e sen asumir custo algún da demolición. Trátase , polo tanto, de compaxinar a obriga do Concello de adoptar as medidas de restauración da legalidade urbanística (de exercicio inexcusable, como se dixo), cos principios de asignación equitativa dos recursos públicos e de xustiza material do gasto.

Sería conveniente dirixirse ao Xulgado que tramita os autos trasladándolle a situación existente e solicitando comunique ao Concello cando teña lugar a adxudicación do ben,.

Polo exposto a que subscribe se ratifica no criterio sostido nos anteriores informes e na proposta de resolución formulada pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade desta Secretaría no informe de data 23 de decembro de 2022.

Reitérase tamén o informado por esta Secretaría verbo da necesidade de proceder á demolición antes do transcurso do prazo caducidade . Tendo en conta que segundo se informou polo técnico de Administración xeral co conforme do xefe da area de urbanismo en data 14 de xullo de 2022, aínda no suposto de prescripción da orde de demolición podería iniciarse un novo procedemento para a reposición da legalidade ao non ter caducado a acción, pode manterse a cautela de non proceder a execución subsidiaria aínda que prescribise a orde de demolición, se ben neste caso na mesma data de prescripción debería incoarse un novo expediente de reposición da legalidade urbanística, con inscrición da incoación no rexistro da propiedade.

É dicir, en todo caso deben realizarse todas as actuacións pertinentes para garantir o fin ultimo que é a restauración da legalidade urbanística infrinxida antes de que se produza a caducidade da acción, pois o que si contravén o ordenamento xurídico é non adoptar estas medidas de xeito que caduquen as accións. Deben , polo tanto, evitarse situacións nas que a Administración non adopta nos prazos sinalados pola normativa vixente as medidas de reposición da legalidade urbanística e da lugar á caducidade, como, por exemplo, ocorreu no expediente de disciplina urbanística 07//13/03 e sancionador 15/07/03, no que, existindo unha orde de demolición acordada polo concelleiro delegado da area de urbanismo, facenda e réxime interior do día 12 de xuño de 2006, acordouse por resolución do concelleiro delegado da area de urbanismo num. 1772/2022 , de 17 de outubro de 2022 declarar prescrita a orde de demolición e declarar a caducidade do expediente ,sen que se poida iniciar novo expediente pola realización de obras denunciadas ao ter caducada a acción e prescrita a infracción.

Polo que respecta á pregunta formulada no apartado 1 b), como se indicou pola que subscribe no informe de data 12 de agosto de 2022, a obriga de demolición é unha obriga "propter rem", polo que en virtude do principio de subrogación real en materia urbanística, en caso de transmisión da propiedade, a dita obriga se transmite ao novo propietario. Así o artigo 27.1 do Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana dispón que:

"1. La transmisión de fincas no modifica la situación del titular respecto de los deberes del propietario conforme a esta ley y los establecidos por la legislación de ordenación territorial y urbanística aplicable o exigibles por los actos de ejecución de la misma. El nuevo titular queda subrogado en los derechos y deberes del anterior propietario, así como en las obligaciones por este asumidas frente a la Administración competente y que hayan sido objeto de inscripción registral, siempre que tales obligaciones se refieran a un posible efecto de mutación jurídico-real."

Polo tanto o traslado da obriga de demolición ao novo propietario produciríase en virtude do disposto na Lei. Caso de seguir o criterio sostido por esta Secretaría e manter a cautela máis aló da prescripción da orde de demolición (no caso de que con anterioridade o xulgado non adxudicase o ben a entidade bancaria) deberíase proceder segundo se indicou anteriormente, incoando un novo procedemento de reposición da legalidade urbanística con inscripción do acordo de incoación no rexistro da propiedade.

Terceira.- En relación á segunda das cuestións formuladas, como se indicou anteriormente, aínda que prescribise a orde de demolición, segundo informa o técnico de Administración xeral co visto e praxe do xefe de servizo da área de urbanismo sería posible iniciar un novo procedemento para a reposición da legalidade urbanística ao non ter caducado a correspondente acción, polo que a cautela sinalada poderíase seguir mantendo aínda que prescribise a orde de demolición.

No caso de que o órgano competente manteña un criterio distinto ao sostido pola que subscribe e decidise a execución da orde de demolición antes do transcurso do prazo de prescripción desta, (aínda que o xulgado non resolverse verbo da adxudicación á entidade bancaria), tendo en conta que o prazo de execución da obra de demolición que se contén no prego de cláusulas administrativas particulares é de 2 meses, o prazo de formalización do contrato e o fixado para realizar a comprobación do replanteo procedería realizar a adxudicación do contrato como máximo na primeira semana do mes de maio.

Cuarta.- En canto á terceira das preguntas formuladas, trátase dunha pregunta prospectiva e hipotética, que non concreta qué tipo de acción podería exercer nin a fundamentación dela, polo que non é posible pronunciarse sobre a mesma ao tratarse de algo futuro que, como tal, non existe neste momento.

Quinta.- En relación á cuarta pregunta, se a entidade bancaria non adquire a propiedade do inmovible xa non nos atoparíamos ante as mesmas razóns sinaladas pola que subscribe para formular a proposta de non adxudicar o contrato. Pénsese que unha das circunstancias concorrentes neste caso é precisamente a existencia dun procedemento de execución de títulos xudiciais, no que é a demandante CAIXABANK, polo que se o Xulgado non lle adxudica o inmovible as circunstancias cambiarían.

Sexta.- En canto á quinta pregunta, sinalar que á vista do informado polo técnico de administración xeral co visto e praxe do xefe da área de urbanismo en data 14 de xullo de 2022, de seguirse o criterio sostido pola que subscribe e realizarse polo órgano resolutorio as actuacións anteriormente sinaladas, non se produciría o feito de non poder demoler a edificación.

Sétima.-- Polo que respecta á sexta pregunta, sinalar que a sentenza citada alude a "explorar", o que non significa a posibilidade de aplicala. E en canto á insolvencia, ao tratarse dun dato que figura no informe da intervención municipal, entende a que subscribe que debe ser esta quen se pronuncie sobre o ditto extremo.

Oitava.- No que atinxe á última das preguntas formuladas, non é posible á que subscribe pronunciarse sobre todas as posibles responsabilidades nas que hipotéticamente se poidera incorrer xa que non entra dentro das funcións da Secretaría da corporación determinar se concorrerían posibles responsabilidades

doutro orde como poderían ser as contables, atribución esta que corresponde aos órganos da xurisdicción contable, ou as penais, que corresponde aos órganos xurisdiccionais de orde penal”.

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data do 28.02.2023 (CVD: pbmDDLT1+K9VLKeom9v2), que di:

“(…)

Se emite informe por la Secretaria municipal en respuesta a la referida Providencia con fecha 23.02.2023 (CVD: YrFvt1AFcgq8D+YNf43R), el cual subscribe este Interventor.

Se ha de poner de manifiesto, la existencia desde la emisión del informe de intervención, Informe de fiscalización JUA 293/2022 – REPARO 90 R no suspensivo de fecha 09.07.2022 (FASE D), de nuevos documentos en el expediente, sin que hasta la fecha haya sido delegado a este Interventor.

Esta Intervención se remite a lo informado en detalle en fecha 06.10.2021, en su Informe de fiscalización JUA 383/2021 – REPARO 116 R no suspensivo (FASE A).

Tal y como se expuso, la ejecución subsidiaria ha de realizarse a cargo del propietario del inmueble, debiendo ser el gasto a realizar en la obra de demolición, un gasto no presupuestario.

Sin embargo, por ser en el presente caso insolvente la persona jurídica que el Área de Urbanismo identifica como propietario, el gasto, de realizarse, ha de ser asumido con cargo a las partidas presupuestarias del Ayuntamiento de Cambre, que no contaría con dotación presupuestaria, de no ser por la inclusión del gasto en el suplemento de crédito 1/2022, aprobado por el Pleno de esta Corporación en sesión de fecha 31 de marzo 2022. Al respecto, a día de hoy no existe consignación presupuestaria específica para adjudicar el contrato, por lo que debería, o bien, hacerse una retención de crédito a través de bolsa de vinculación, lo que podría comprometer otros gastos del ejercicio correctamente comprometidos, o bien habría que esperar a la liquidación del presupuesto del ejercicio 2022, para dotar de financiación este gasto mediante la utilización de remanente líquido de tesorería para gastos generales.

En todo caso, este Ayuntamiento ha de salvaguardar el interés público y no el de un futuro propietario del inmueble que resultaría obligado al pago de la demolición si se hiciese con la propiedad con carácter previo a la misma.

No podemos obviar que el inmueble a demoler está gravado con distintas cargas, y que el importe de la demolición no sería recuperado por este Ayuntamiento, ya que un posterior nuevo propietario del suelo carecería de obligación alguna de pago de la deuda contraída por ese concepto. A mayor abundamiento, en este momento se sigue un proceso judicial ante el Juzgado de primera instancia núm. 5 de Ferrol, en el que se sustancia el procedimiento de ejecución de títulos judiciales 128/2012 (procedimiento de origen: EJM ejecución hipotecaria 128/2012) sobre reclamación de cantidad frente a Prape S.A. siendo la demandante CAIXABANK.

Debe ser el Área de Urbanismo el que informe de la responsabilidad en la que incurre este Ayuntamiento por no ejecutar una orden de demolición, una vez prescrita.

Considera esta Intervención, que el gasto no ha de asumirse desde las arcas municipales, salvo que ello fuese imperativo.

Comprobado el estado recaudatorio de la Liquidación emitida a la empresa PRAPE S.A. por los gastos a asumir por este Ayuntamiento por la ejecución subsidiaria de la demolición, actualmente en vía de apremio, a fecha 24.02.2023, de la liquidación inicial de importe 112.429,40 euros consta impagado un importe en concepto de principal de 112.330,19 € (ingreso a cuenta: 99,21 €); recargo impagado: 22.485,88 euros; intereses: 13.982,42 euros; En la consulta realizada en el sistema SIXT de la Diputación provincial de A Coruña, la empresa PRAPE SA mantiene la "clasificación" de insolvente.

(...)"

Visto que o proposto como adjudicatario se atopa ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo consta na consulta efectuada a través da plataforma TEDeC:

Corriente de pago con la AEAT							
Realizar consulta corriente de pago con la AEAT							
Fecha solicitud	Usuario solicitante	Número de expediente	NIF/NIE	Resultado	Datos respuesta	Fecha validez	Incumplimientos
11/05/2023	veronica.otero	2022/C003/000001	B70126032	✓	1000: Titular está al corriente de obligaciones tributarias	11/11/2023	

Corriente de pago con la Seguridad Social							
Realizar consulta corriente de pago con la Seguridad Social							
Fecha solicitud	Usuario solicitante	Número de expediente	NIF/NIE	Resultado	Datos respuesta	Fecha validez	
11/05/2023	veronica.otero	2022/C003/000001	B70126032	✓	El titular, con CIF número B70126032, está al corriente en el cumplimiento de las obligaciones de pago de la Seguridad Social.: S	11/11/2023	

Visto o informe emitido pola tesoureira municipal con data do 12.05.2023 (CVD: FDmmQzfmT+ZhrGE1K6Ez), que di:

"(...)

Segundo resulta da contabilidade municipal e do servizo Intranet da Deputación provincial: Servizos tributarios, que o terceiro que se mencionan de seguido, non ten débedas co Concello de Cambre.

NIF SUXEITO PASIVO
B70126032

NOME SUXEITO PASIVO
DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L."

Visto o documento de retención de crédito asinado con data do 12.05.2023, con código de verificación NNP3E-7XXGH-ZDGPZ, por importe de 91.202,01 euros.

Visto o informe emitido pola arquitecta técnica interina de data 12.05.2023, (CVD: d/kShKnwJGN5T5qck2qK), que di:

“(…)

En relación con este expediente, PROPÓNSE o seguinte persoal técnico das Asistencias Técnicas contratadas polo concello como responsables da dirección, do seguimento e do control tanto de seguranza e saúde como de calidade das obras da DEMOLICIÓN DE EDIFICIO SITO EN LUGAR DE CAMPÓNS. CASTROBÓ

DIRECCIÓN DE OBRA: 2021/C004/000004

CONSULTORA DE INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA S.L.- CIMARQ,S.L.: María Morán Castillo e Víctor José Couto Gómez. Arquitectos.

COORDINACIÓN DE SEGURANZA E SAÚDE: 2020/C004/000022

GALCOOR: Francisco Jesús Cobas Fernández. Enxeñeiro Técnico Industrial.

CONTROL DE CALIDADE: 2020/C004/000021

3C CALIDAD Y CONTROL S.C.G.: Ana M^a Romero Martínez. Licenciada en Ciencias Químicas”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 4 de maio de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a seguir se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, e ter achegado debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II A do mesmo:

- Demoliciones Javier Ares, S.L.
- Desmalco, S.L.U.
- Excavaciones J. Carreira, S.L.
- Resigal Gestión Integral de Galicia, S.L.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola mesa de contratación con data do 11 de maio de 2022, na que se ratifica o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 5 de maio de 2022, aprobar, as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios non evaluables mediante fórmulas que integran a primeira fase de valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (Programa de traballo e Programa de actuación medioambiental):

EMPRESAS	Programa de trabajo (Hasta 15 pts)	Programa de actuación medioambiental (Hasta 10 pts)	Puntuación total FASE 1
Demoliciones Javier Ares, S.L.	13,60	6,25	19,85
Excavaciones J. Carreira, S.L.	9,10	7,00	16,10
Resigal Gestión Integral de Galicia, S.L.	4,45	1,50	5,95

Desmalco, S.L.U.	0,00	1,30	1,30
------------------	------	------	------

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 11 de maio de 2022, que ratifican o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 5 de maio de 2022, excluír da segunda fase e do procedemento aos licitadores “Resigal Gestión Integral de Galicia, S.L.” e “Desmalco, S.L.U.”, ao non ter acadado os 12,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1 de valoración das ofertas), de acordo co establecido na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP, nos que establece que as empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na FASE I, coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de traballo e programa de actuación medioambiental, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

Cuarto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 3 de xuño de 2021, aprobar as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios evaluables mediante fórmulas que integran a segunda fase de valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (oferta económica e porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa), así como o cálculo para a determinación do límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas:

EMPRESA	Puntos oferta económica	Puntos estabilidade en el empleo	TOTAL 2ª Fase
Demoliciones Javier Ares, S.L.	60	8,33	68,33
Excavaciones J. Carreira, S.L.	50	15	65,00

Tendo en conta que segundo o disposto na Cláusula 16.3.2 do PCAP, consideraranse, en principio, como anormalmente baixas, as ofertas que se atopan nos supostos establecidos no artigo 85 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo o cal:

“2. Cando concurran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 71.920,00 euros (sin IVA), polo que as ofertas presentadas non se atopan incursas en dita circunstancia.

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 3 de xuño de 2022 e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas admitidas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

Orde n	EMPRESAS	Puntuación FASE 1	Puntuación FASE 2	TOTAL	Baja temeraria
1ª	Demoliciones Javier Ares, S.L.	19,85	68,33	88,18	No
2ª	Excavaciones J. Carreira, S.L.	16,10	65,00	81,10	No

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 3 de xuño de 2022, adjudicar a obra “Demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castrobó” (expediente núm. 2022/C003/000001), á empresa “**Demoliciones Javier Ares, S.L.**”, con NIF B70126032 e domicilio en rúa Daimler 36, parcela 79, Polígono Industrial Espírito Santo -15660 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de **75.373,56 euros sen IVE**,

91.202,01 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación de conformidade cos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse, ademais de na baixa económica ofertada, no Programa de Tráballo e Programa de actuación medioambiental presentados, e na porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa, que é do 55,56%.

Sétimo: Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, publicando seguidamente a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Oitavo: Designar a dona María Morán Castillo e a don Víctor José Couto Gómez, arquitectos, directores desta obra e responsables do contrato, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A coordinación da seguridade e saúde corresponderalle a don Francisco Jesús Cobas Fernández, enxeñeiro técnico industrial e o control de calidade a dona Ana M^a Romero Martínez, licenciada en Ciencias Químicas.

Noveno: Notificar o presente acordo aos licitadores presentados e aos designados no apartado anterior e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de maio de 2023 (CVD: iFS9wD437Dfa0BchfK3x), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 5 ao 11 maio de de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 791/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 849/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
791/2023	05-05-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de maio de 2023
792/2023	05-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 25.560,23 euros
793/2023	04-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e certificacións de obras 1ª a 7ª correspondentes á obra "mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple (POS + ADICIONAL2/2021) por importe de 122.336,62 euros
794/2023	05-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SRS
795/2023	05-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares municipais, programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais "Obradoiros de Semana Santa 2023", que comprende 71 recibos e 10 cotas cero dun total de 39 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida por un importe total de 1.062,80 €
796/2023	05-05-2023	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente núm. 2023/C006/000002 cuxo obxecto é a designación de docente, por un importe total de 1.728 euros. Designar a Raquel Bernárdez Rodal, docente dos módulos transversais "Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero", de 10h horas de duración, e "Formación para a igualdade" de 8h de duración, dentro dos cursos "Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG" "Sistemas microinformáticos" e "Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas" do Plan Formativo para o Emprego (AFD) 2022/23
797/2023	05-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da Intervención municipal por importe total de 107.624,70 euros
798/2023	05-05-2023	Aprobar un expediente de xeración de crédito por importe de 983.678,87 euros na aplicación orzamentaria "342 60900 Outras invers. Infrestruc. Deportivas uso general" dentro do proxecto "2023 2 342 1 PIREP: Actuación no pabellón Campóns" e financiado con compromiso de ingreso no concepto "2023 72000 Subvenciones capital Estado"
799/2023	05-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 14/2023 por importe de 15.749,63 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
800/2023	05-05-2023	Adxudicar o contrato menor de servizo consistente nunha



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		"Conferencia sobre a figura histórica de María Pita" o día 05.05.2023, ás 19:00 horas, na Biblioteca Central María Pita, a Luis Gorrochategui Santos, por importe de 150,00 € (exento de IVE).
801/2023	08-05-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple unha subvención por importe de 20.342,00 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro, no curso escolar 2022/2023
802/2023	08-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro de marzo e abril de 2020 por importe total de 700 euros. Solicitante: VMGP
803/2023	08-05-2023	Contestación solicitude acceso información rexistrada de entrada ao número 202399900001173 (en data 3 de marzo de 2023).
804/2023	08-05-2023	Declarar a BBI responsable da comisión dunha infracción grave, tipificada no artigo 76.2, en relación co 76.1 a) da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente fronte a ruidos e vibracións perturbadoras, consistente en proferir gritos na rúa María Mariño, O Temple, sendo as 4:35 da madrugada, sen cesar na dita actitude tras ser requerido para elo polo axente da autoridade, impoñéndolle como consecuencia a sanción de multa de 1.501 euros, de acordo co artigo 78.1 c) da citada norma
805/2023	08-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AVM
806/2023	08-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RIM
807/2023	08-05-2023	Rectificación de erro material de concesión de axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro de xaneiro e febreiro de 2023 a ESLC por un importe total de 746 euros, resolución 764/2023 de 2 de maio
808/2023	08-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
809/2023	08-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
810/2023	08-05-2023	Devolver a fianza depositada por VQP para garantir a correcta execución da obra urbanizadora correspondente a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Castro, parroquia de Bribes, licenza de obra nº. 2019/U022/50, por importe de 10.095,07 euros, segundo resgardo de Tesourería nº 925 de data 28 de xaneiro de 2020, unha vez constatada a correcta execución
811/2023	08-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JAEG para a rectificación das seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Penouviña, Cambre: existencia de piñeiros, eucaliptos a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación
812/2023	08-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MPF, JAGS e MLRG para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Fraís,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Cecebre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
813/2023	08-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MMP para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Estorrentada, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
814/2023	08-05-2023	Ordenar a JLIV que proceda á poda das árbores existentes na finca sita en San Antón, Anceis, que está a invadir a vía pública, concedéndolle a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
815/2023	08-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JPP para a rectificación das seguintes deficiencias detectadas na finca sita en Corgo, Brexo-existencia de piñeiros, eucaliptos a menos de 50 metros dunha edificación; - existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm. a menos de 50 metros dunha edificación
816/2023	08-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
817/2023	09-05-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes por cambio de residencia, duplicidade, inscrición indebida e falecemento correspondente ao mes de febreiro de 2023
818/2023	09-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 7.612,72 euros
819/2023	09-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MB
820/2023	09-05-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes por cambio de residencia e falecemento correspondente ao mes de marzo de 2023
821/2023	09-05-2023	Desestimar as alegacións presentadas con datas 24 de marzo, 5 de abril de 2023 por ODS, en representación de SC, SL, con números de rexistro de entrada 202399900001978 202399900002197 e do 18 de abril con número de rexistro de entrada 20239001298, por canto que - se ben parece razoable a xustificación achegada en canto ás dificultades técnicas para retirar os depósitos existentes na finca,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		esta circunstancia debería ter sido alegada no momento procesal oportuno, non na fase de execución forzosa da resolución, xa que non pode procederse á ampliación dun prazo xa vencido. Impoñer a CH unha multa coercitiva polo importe de mil euros
822/2023	09-05-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a A SL., con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de mil euros ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 14 de febreiro de 2023 pola que se lle ordenou que realizase as seguintes obras no inmobile sito en Amil- tapiado de ocos con fábrica de albañilería - inertización e retirada dos tanques de combustible presentes na finca
823/2023	09-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e aprobación de certificación de obra 2 e 3 Reordenación da rúa María Mariño - Obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, por importe total de 49.908,58 euros
824/2023	09-05-2023	Considerar desesitada a NRP da solicitude da axuda para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 30/03/2023 e número de rexistro de entrada 202300200000589 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
825/2023	09-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da Intervención municipal por importe total de 27.185,89 euros
826/2023	09-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
827/2023	09-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e aprobación de certificacións 13 a 15 da obra "proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira" POS + 2019 por importe total de 8.954,82 euros
828/2023	09-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 35.575,46 euros
829/2023	09-05-2023	Desestimar o recurso de reposición interposto por RAVR, actuando en representación de MRNV, contra a orde de suspensión ditada mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 14 de marzo de 2022 pola que se acordou a suspensión da execución dunha construción e a ampliación da vivenda unifamiliar existente na finca sita en Gamelas, Anceis sen título habilitante, en solo clasificado como rústico común, por canto que quedou constatado que as obras denunciadas están a realizarse carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co disposto polos artigos 142 e 156.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
830/2023	10-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
831/2023	10-05-2023	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico correspondente á xestión do padrón de habitantes do mes de marzo de 2023, no que se relacionan as solicitudes de alta, troco de domicilio, modificación de datos persoais, renovacións e comprobación de estranxeiros, realizadas no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Cambre no período comprendido entre o 1 ao 31 de marzo de 2023
832/2023	10-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 15/2023 por importe de 39.597,52 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
833/2023	10-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 16/2023 por importe de 246.998,13 euros financiada en 194.378,18 euros con compromiso de ingreso e en 52.619,95 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
834/2023	10-05-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación por atoparse no período de suspensión de 6 meses tras ser perceptora durante 18 meses. Solicitante: ERS
835/2023	10-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 3.688,88 euros
836/2023	10-05-2023	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: JDTR
837/2023	10-05-2023	Facilitar os informes existentes no expediente de tramitación da RPT á funcionaria VPT, como membro da mesa de negociación en representación da CIG, de acordo co establecido no artigo 37 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e 53.1 a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
838/2023	10-05-2023	Conceder ao funcionario de carreira RNF o permiso retribuído para participar na campaña electoral ás eleccións municipais 2023 desde o 12 de maio ata o 26 de maio do 2023 (ambos incluídos), de conformidade co apartado primeiro da Orde do 6 de novembro de 1985 pola que se regula a concesión de permisos aos funcionarios que se presenten como candidatos ás eleccións
839/2023	10-05-2023	Aprobar, con efectos do 1 de outubro de 2022, a relación de solicitudes admitidas dos participantes nas actividades educativas municipais do curso 2022/2023
840/2023	10-05-2023	Levantar o reparo formulado polo interventor municipal no seu informe de fiscalización, JUA NUM 167/2023 - REPARO 44 R, desfavorable con efectos suspensivos, emitido con data do 07.05.2023
841/2023	10-05-2023	Delegar na concelleira dona Patricia María Parcero Quiñoy para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de AFC e AJPO
842/2023	11-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a LMM para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de San Bartolomeu,

		Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
843/2023	11-05-2023	Ordenar a JAFS que roce a vexetación existente na finca sita en A Castellana, Cambre, concedéndolle a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
844/2023	11-05-2023	Conceder á funcionaria municipal APSV, adscrita ao departamento de Servizos Socias, o permiso de trinta días naturais por enfermidade moi grave de familiares de primeiro grao de consanguinidade, de conformidade co artigo 116 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, a contar desde o 10 de maio de 2023
845/2023	11-05-2023	Arquivar o expediente número 2020/1002/000056, incoado a ERH pola construción dun galpón na parcela sita en Picardos, Anceis, posto que como queda acreditado no expediente queda resolto coa demolición parcial das obras denunciadas e coa comunicación previa presentada 2023/U026/000044
846/2023	11-05-2023	Ordenar a JPP para que roce a vexetación existente na finca sita Corgo, Brexo, concedéndolles a tal efecto un prazo de 10 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
847/2023	11-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
848/2023	11-05-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de maio de 2023
849/2023	11-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 17/2023 por importe de 9.653,95 euros nas aplicacións e proxectos recollidos no antedito cadro, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS



Non se tratou ningún.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo